Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

CONTA ÁLVARO CUNQUEIRO: Que o cuco dorme, e soña, de novembro a abril

CONTA ÁLVARO CUNQUEIRO "Din por aquí que o cuco déitase nun recuncho agachado que escolleu para invernar do día de San Miguel, e que fai o que pode para non adormecer. Toquea, adormece uns intres e esperta sobresaltado. Nunca está seguro de ter escollido o mellor sitio, e teme que o rapospo o vaia sorprender. Cada vez suponlle maior esforzo manterse esperto, cada vez son máis longas as sestas e por fin o día primeiro de novembro, festividade de Todos os Santos, xa non pode máis e dorme. Dorme dunha sentada, ata abril. Dorme coa cabeza debaixo da ala, e segundo alúns paisanos soña e fala en voz alta".

Nota: A traducción é nosa. Véxase «Que sabemos do cuco?»

BIBLIOGRAFÍA

Cunqueiro, A. (1991): Cunqueiro en la radio. Cada día tiene su historia y otras series", Comentarios radiofónicos, Radio Nacional de España, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, páx. 241-242. (Emisión: 31 de outubro de 1960).